

## **Castelao no bosque de cruceiros. A viaxe a Bretaña de 1929**

Olga NOVO  
Université de Bretagne Sud (Lorient)

*[...] nas dúas terras irmáns a mesma semente dou froitos idénticos,  
e nasceron bosques de cruceiros coma denantes nasceran de carballos.*

A. Daniel Rodríguez Castelao, *As cruces de pedra na Bretaña*.

*Breiz atao, Breiz bepred, pe Breiz da virviken...  
Ar re a ved an ed a dle kaouet doujans  
'Vit ar re all an euz hadet da gommans...*

François Abgrall.

RESUME: Durante a viaxe a Bretaña de 1929, Castelao establece contacto con intelectuais bre-  
tóns de diversas áreas e variado signo político, interesándose por todos os aspectos da cultura e  
das xentes do país. Este artigo achega documentación inédita sobre esta estancia, fundamental  
non só para o proxecto persoal do autor, senón tamén para a común aventura atlantista do grupo  
*Nós*.

PALABRAS CLAVE: Castelao, Bretaña, Correspondencia, Arte popular, Celtismo.

ABSTRACT: During his 1929 trip to Brittany Castelao made contact with Breton intellectuals  
from different areas and political groups as he showed his interest in the peoples and the cul-  
tural aspects of that country. This article provides unpublished documents about his stay there  
which are fundamental not only for the author's personal project, but also for the Atlantic ad-  
venture that the *Nós* group had together.

KEYWORDS: Castelao, Brittany, Mail correspondence, Popular art, Celtism.

Seguindo a ancestral estela de míticas embarcacións de coiro e soños nos que  
Ponthus e Sidoine aínda respiran na lubre de Brocelandia. Tralas pegadas dos mariñei-  
ros chegados á punta de Penmarc'h, onde se acaba o mundo na forma da testa dun ca-  
balo. Na harmonía do último canto dos druídas onde o bosque de carballos é tamén un  
bosque de pedras. Onde as pedras estenderon os brazos e unha cruz solar adornou os  
megálitos para dar paso a unha nova crenza. Neste ronsel de mítica profunda poesía  
celta hai que situar a viaxe que A. Daniel Rodríguez Castelao realiza a Bretaña en

1929 co propósito de estudar os cruceiros e calvarios bretóns<sup>1</sup>. Da paixón pola pedra que toma forma de cruz nos nosos fisterres nacerán, en efecto, *As cruces de pedra na Bretaña* e *As cruces de pedra na Galiza*, que Castelao publica en 1930 e 1950, respectivamente. Nas verbas limiares de *As cruces de pedra na Bretaña*, o escritor dá conta do seu proxecto de estudo comparatista e dános a clave do seu particular interese pola viaxe a Bretaña:

Dende fai bastantes anos veño recollendo materiais para un prósimo libro encol dos cruceiros galegos, cavilando sempre nun lonxano estudo comparativo das cruces de pedra dos Fisterres, que virá cando se coñezan ben por separado. Non se podería falar dos nosos cruceiros sen ter visitado primeiramente a Bretaña, e alá fun (Rodríguez Castelao 1992: 7)

Como ten sinalado Carlos Valle (2004: 11-2), a entrada de Castelao no *Seminario de Estudos Galegos* o 3 de novembro de 1923, moi pouco despois da creación da institución, leva ao rianxeiro a integrarse no proxecto de reconstrución cultural da intelectualidade galeguista aglutinada na devandita institución, escollendo como tema de estudo unha das manifestacións da arte popular galega: os cruceiros<sup>2</sup>.

Pode pois, dicirse, que a viaxe a Bretaña é unha viaxe múltiple inscrita nunha espiral de compromiso político, paixón artística, rigor científico, e que remata sendo tamén un bálsamo vital. Non hai que esquecer que o 3 de xaneiro de 1928, Castelao e Virxinia Pereira perden o seu único fillo, Alfonso, de catorce anos. O epistolario de Castelao ao longo de 1928 dá boa mostra do terrible estado anímico no que tal perda sume á parella<sup>3</sup> e da evidente necesidade de afastamento dos íntimos lugares da dor, así como da axuda solidaria de varios amigos para facer realidade a viaxe a Bretaña,

<sup>1</sup> Agradezo aquí a inestimable colaboración do profesor Erwan Lelièvre na axuda constante, na lectura de documentación en bretón e nos aportes imprescindibles que fixo a esta investigación. Igualmente, quero manifestar o meu fondo agradecemento á *Fundación Vicente Risco*, por terme facilitado material inédito e abrimme tan xenerosamente as portas do seu arquivo; ao persoal da *Fundación Penzol* de Vigo, dos *Archives départementales du Finistère* en Kemper e do *Musée de Préhistoire* de Carnac. Debo tamén aclaracións, pistas e certezas a Anne Brignaud, da *Société Archéologique du Finistère* (Kemper), a Erwan Chartier, especialista do ronsel dos saberes intercélticos, e a François Beauvy, especialista en Philéas Lebesgue que puxo amablemente ao meu dispor o seu saber e a súa axuda. E, coma sempre, a Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer e María Lopo, pola axuda e o préstamo de libros, opinións e subversivas mareas atlánticas.

<sup>2</sup> Parece que Valentín Paz Andrade fixera en 1927 unha viaxe a Bretaña, trala cal advertiu a Castelao da enorme presenza dos cruceiros nas terras bretoas.

<sup>3</sup> Véxase a carta que envía Castelao a Juan López Suárez en febreiro de 1928, por exemplo, onde Castelao evidencia a necesidade de saír de Galicia coa súa muller e o seu especial interese na viaxe a Bretaña. Así, solicita a súa opinión sobre a oportunidade e a xestión da bolsa de estudos: «Mi entrañable Losada y V. tienen razón; yo debo salir de aquí con mi mujer. [...] por fotografías que conozco de las “Croix ornées” y de los “calvaires” existe una chocante semejanza entre los cruceiros de ambos países [...] ¿Le parece a V. que yo debo solicitar una pensión de tres o cuatro meses para ir allá a conocer los “calvaires” y ver lo que han hecho los bretones? Yo tengo un interés enorme en ir a Bretaña, y en ir pensionado sólo lo tengo por la razón de que yo no dispongo de dinero para hacer un viaje por mi cuenta [...]» (Rodríguez Castelao 2000: 208). Sobre a importancia de Juan López Suárez no proceso de concesión de bolsas de investigación na *Comisión de Estudios en Galicia* pode verse o documentado estudo de Gurriarán Rodríguez (2006).

co dobre obxectivo da investigación e da calma psicolóxica<sup>4</sup>. E así nace da man de achegados como Javier Sánchez Cantón, Losada Diéguez e López Suárez, entre outros, a idea e xestión da petición dunha bolsa á *Junta para Ampliación de Estudios* a través da sección da *Comisión de Estudios en Galicia* co obxectivo de financiar a viaxe a Bretaña. Como é sabido, a bolsa élle concedida polas Reais Ordes do 13 de agosto de 1928<sup>5</sup> e do 24 de xaneiro de 1929<sup>6</sup>. Castelao prevé a chegada a Bretaña para o mes de abril de 1929, mais non se producirá ata fins de mes a causa do agravamento da súa enfermidade ocular, como se desprende da carta enviada a Antón Losada Diéguez cara marzo-abril dese ano, onde se fala da prescrición médica que retarda un mes a viaxe (Rodríguez Castelao 2000: 746).

Agora ben, sen termos a data exacta da chegada a Bretaña, sabemos que a viaxe se realiza por tren, vía París, e que a comezos de maio a parella se encontra en Kemper<sup>7</sup>. Desde alí envía unha postal o 7 de maio a Casto Sampedro e outra a Francisco Javier Sánchez Cantón, na cal dá conta da súa chegada, do inicio do seu traballo e do chuvioso clima bretón<sup>8</sup>.

Sen dúbida, o programa de Castelao é moi vasto a xulgar polo itinerario realizado que podemos seguir polos debuxos, polas cartas e postais enviadas desde distintos puntos de Bretaña e pola propia memoria enviada á *Junta de Ampliación de Estudios*. Temos constancia de postais enviadas desde Kemper no mes de maio, desde Pont-'n-Abad (Pont-L'Abbé) o 17 de maio, desde Montroulez en maio-xuño, de novo desde Kemper o 13 de xuño, desde onde viaxa o día seguinte cara Douarnenez, coa intención de visitar Gwaien (Audiern) e Beg ar Raz (la Pointe du Raz), para logo abandonar a Cornualla. Ese mesmo día Castelao comeza a escribir o artigo «Sant-Iago na Bretaña», que será publicado en *Nós* en dúas partes: no número 67 (25-VII-1929, 119-21) e no número 79 (25-VII-1930, 124-27).

---

<sup>4</sup> Véxanse as cartas núm. 48, 50, 53, 55 e 58 (Rodríguez Castelao 2000: 107-9; 111-6; 120-6; 129-31 e 138-9).

<sup>5</sup> Non é esta a primeira vez que Castelao goza dunha pensión de estudos; como é sabido, segundo unha R.O. do 30/9/1920, concédesele unha bolsa para viaxar a Francia, Bélxica, Alemaña e Inglaterra co obxectivo de estudar, ao longo de nove meses, aguaforte, litografía e gravado. Mais nesta ocasión a viaxe por terras francesas de Castelao levarao a París. Para o estudo das viaxes de intelectuais galegos a Europa financiadas pola *Junta de Ampliación de Estudios*, e en especial o caso de Castelao, poden verse os artigos de A. Serafín Porto Ucha (1987, 1989) e de Olivia Rodríguez González (2006). Parece que Castelao solicitará unha nova axuda en febreiro de 1930 para continuar o seu estudo das cruces de pedra por terras irlandesas e inglesas, pero non lle será concedida (Rodríguez González 2006: 308).

<sup>6</sup> Castelao postergará a viaxe ata fins de abril de 1929.

<sup>7</sup> Empregaremos a denominación bretoa «Kemper», para a cidade que porta o nome francés Quimper, ao que aludirán os escritos de Castelao.

<sup>8</sup> «Querido Javier: Ya llevo varios días en Bretaña. Tiempo podrido. Empiezo por Quimper. Sólo llevo vistos dos cruceros, pues con la lluvia estamos bloqueados. Esto resulta interesante y la vista se regala viendo cosas y gentes que parecen nuestras. Vida cara; para ingleses. Ya te contaré. Trabajaré cuanto pueda. Te abraza tu buen amigo, Castelao» (Rodríguez Castelao 2000: 141).

O 13 de xullo envía unha carta desde o Finistère. E cara o mes de agosto a parella atópase en Kastell-Paol (Saint-Pol-de-Léon) coa intención de volver a Montroulez. Neste mesmo mes envía unha carta desde Sant-Brieg<sup>9</sup>, onde sinala a súa intención de chegar a París cara o 21 ou o 22 de agosto para iniciar a viaxe de retorno a Galicia (Rodríguez Castelao 2000: 148)<sup>10</sup>.

En liñas xerais cómpre dicir, respecto ao itinerario seguido por Virxinia Pereira e Castelao, que a parella estableceuse, nun primeiro momento, na cidade de Kemper, desde onde partiu á procura dos cruceiros no infindo bosque de Fisterra, sen dúbida o Departamento con maior profusión de cruces. Facendo, pois, centro en Kemper, Castelao percorrería as terras de Fouen (Fouesnant) e Benoded, Pont-'n-Abad, Penmarc'h, Douarnenez, Lokorn (Locronan), Gwaien (Audierne) e Kastellin (Château-lin). Máis tarde, establecido en Montroulez e en Kastell-Paol, percorrería o norte fisterán deica arribar a Brest. Desde Brest, e tomando de novo o camiño do interior cara Montroulez, visitaría o País dos Calvarios, deténdose en Landerne (Landerneau) e Landivizio (Landivisiau). En Fisterra, Castelao puido contemplar a inmensidade dos calvarios de Tronoen, Gwimilio, Sant-Tegoneg, Plougastell, Pleiben, Komforzh, Sant-Veneg, Killinen, etc, e no país de León viu os menhires cristianizados e as cruces antigas semellantes ás nosas.

Das terras do centro de Bretaña, desde Karaez (Carhaix), toma camiño cara a costa norte: Gwengamp (Guingamp), Landreger (Treguier), Pempoull (Paimpol), Lannuon (Lannion), para visitar a infinidade de cruceiros do antigo bispado de Landreger. Despois, dirixiuse a Sant-Brieg, descendeu a Pondi (Pontivy), a vila que anos máis tarde había de inspirar a ensoñación cunqueiría do sochantre, e desde a señorial Pondi dirixese á antiga capital bretoa de Naoned (Nantes), pasando por Gwened (Vannes). Podemos polo tanto dicir, segundo a «Memoria», que Castelao tomou notas, fixo fotos, bosquexos e debuxos de cruceiros e calvarios de toda a Baixa Bretaña, para a redacción do documento que entrega á *Junta de Ampliación de Estudios* e que logo publicaría en libro. Pero ademais, nos seus cadernos de viaxe fican as imaxes dos sinxelos bretóns de Karaez, das mulleriñas de Pont-'n-Abad (Pont-L'Abbé) baixo da chuva, dos habitantes de Gwengamp, de Pondi e de Plougastell, das marabillas artesanais do mobiliario bretón e dos bordados de chales como tamén os traballos labregos tal a queima do *goémon*. Canda o rigor do analista e do errante debuxante de cruces e calvarios, a ollada humanista de Castelao penetra nestas figuras populares coma se de paisanos doutra nosa fistera se tratase, e os paraugas dos galegos de Castelao atópan-

<sup>9</sup> Saint-Brieuc en francés, sinálase na correspondencia de Castelao baixo a denominación de Saint-Brieme, erro que reproduce Valle no seu documentado *Castelao en Bretaña* (2004). Estamos evidentemente ante un pequeno erro de transcripción por Saint-Brieuc, cidade do Departamento de Côtes d'Armor, no norte de Bretaña.

<sup>10</sup> Incluso dá o enderezo do hotel parisino onde se hospedarán: Hôtel de la Loire, 20-22 Rue de Sommerard, Paris V.

se de novo abrigando as mulleres de Pont-'n-Abad ou un labrego calquera do centro de Bretaña<sup>11</sup>.

Pero no bosque de cruces hai un bosque de carballos e dentro del un bosque de persoas, moito máis difícil de atravesar e coñecer na súa pasada enramada de silencio. Da viaxe de Castelao a Bretaña coñecemos o periplo, os lugares visitados, as cruces contempladas, pero nada se di na súa «Memoria» sobre as persoas que coñeceu en Bretaña, os contactos que puido ter e que podemos supor por certos indicios. Imos nas seguintes liñas trazar a xenealoxía do bosque de persoas que rodean a Castelao na súa viaxe bretoa e que ata o momento quedaran esquecidas trala sombra das cruces erguidas nos camiños do celtismo.

## A VIAXE ANTES DA VIAXE

Porque hai unha viaxe antes da viaxe, volvamos ao inicio. No lugar da vida onde se tecen cartas e se soñan bosques de carballos e bosques de persoas. Sen entrarmos agora na ben coñecida cuestión do celtismo dos integrantes de *Nós*, cómpren sinalar, non obstante, un nome que ha de tender unha ponte entre o grupo *Nós* e Bretaña: Philéas Lebesgue (1869-1958), un labrego erudito do Val-d'Oise (Picardía). Especialista en literatura portuguesa, interesado polos movementos nacionalistas e apaixonado do esoterismo e do celtismo, Lebesgue manterá unha inxente correspondencia con intelectuais de boa parte de Europa, e especialmente cos do mundo celta<sup>12</sup>. Seguidor das teses de Marie-Henri d'Arbois de Jubainville<sup>13</sup>, Lebesgue terá contacto, desde comezos de século, con representantes do Gorsedd<sup>14</sup> dos bardos de Bretaña, e será proclamado «Druída de honra» en 1928, colaborando tamén nalgúnhas publicacións do movemento druídico bretón. Pero ademais, desde 1920 Lebesgue mantivo unha correspondencia regular con Vicente Risco<sup>15</sup>, colaborou asiduamente en *Nós*<sup>16</sup> e deu a coñecer a literatura galega en diversos medios xornalísticos franceses. Mais é a

<sup>11</sup> Coñecido como «Álbum de Bretaña», estamos ante un conxunto de 50 debuxos que nos amosan tipos populares, escenas, costumes, etc. Como sinala Carlos Valle, descoñecemos desde cando estas follas deixan de formar parte dun caderno para encontrarse individualizadas (Valle 2004: 22, n. 44).

<sup>12</sup> A obra de referencia sobre Philéas Lebesgue é o estudo monumental de François Beauvy, *Philéas Lebesgue et ses correspondants en France et dans le monde* (2004).

<sup>13</sup> M. H. d'Arbois de Jubainville (1827-1910), historiador e filólogo, profesor de lingua e literatura célticas no Collège de France, foi o fundador da *Revue celtique*. Vicente Risco tiña na súa biblioteca a obra *Les Druides et les dieux celtiques à forme d'animaux*, París, Honoré Champion, 1906. Tamén se consigna esta obra na biblioteca de Manuel Murguía.

<sup>14</sup> Palabra galesa que significa 'sentados', fai referencia á asemblea céltica de bardos, druídas e vates.

<sup>15</sup> A relación epistolar de Lebesgue cos escritores galegos —fundamentalmente con Vicente Risco e Francisca Herrera Garrido— ten sido xa analizada polo profesor Antón Figueroa na súa obra *Lecturas alleas* (1996).

<sup>16</sup> Sobre as colaboracións de Lebesgue en *Nós*, pode consultarse o documentado estudo de Nicole Dulin Bondue, *El Granito y las luces* (1987: 55-9).

súa faceta de «intermediario cultural» a que aquí nos interesa particularmente. En efecto, en febreiro de 1929, *Nós* publica unha breve noticia do inicio das relacións culturais con Bretaña por mediación de Lebesgue:

Tamén se iniciaron as relacións culturais co-a Bretaña por intermeio do noso querido amigo e colaborador Philéas Lebesgue. Temos recibida unha amábele carta do bardo Taldir (Dr. François T. Jaffrenou) ilustre celtista e poeta en língoa bretona, ademistrador da revista *Le consortium breton*, órgao principal do movemento renacentista d'aquela terra irmá, â que dend'eiquí saudamos co-a meirande cordialidade.

Co-esto, agardamos tamén poder ter ôs nosos lectores ô corrente do movemento panceltista, ô qual Galiza non pode ser allea [...] (*Nós* 62, 34-5).

A pesar de que as noticias referentes á cultura e ao movemento bretón así como ao druidismo preceden a este contacto, como ben sinala Dulin Bondue (1987: 57-8), o certo é que Vicente Risco pedíralle por esas datas ao seu amigo Lebesgue un contacto co movemento cultural bretón, aguilloado, entre outras cousas, pola idea de integrar a Galicia no Gorsedd dos pobos célticos. Neste senso, desde 1927, *Nós* publica noticias destas xuntanzas druídicas e o propio Vicente Risco laméntase nunha destas notas da non participación de Galicia nesas celebracións (*Nós*, 63, marzo de 1929, 39-41). Boa parte da información sobre os Gorsedd procederá da revista bretoa *An Oaled* (*O Fogar*) coa que *Nós* manterá intercambio desde 1929, unha publicación desde a que o bardo Taldir (Jaffrenou) saúda ao pobo irmán galego ao que denomina «Ar Pobl Galleg —le peuple gallique—» e dá conta destes primeiros contactos con Vicente Risco, adxuntando a carta enviada polo ourensán o 25 de xaneiro de 1929:

Certes, nous avons perdu l'antique langue celte, et maintenant nous parlons un dialecte néo-latin dont le portugais est la forme officielle et que nous devons préserver de la puissante intromission de l'espagnol qu'on impose à la chaire, à la cour, à l'école. Mais la perte de ce lien est-elle suffisante pour que trois millions de Celtes soient pour les autres des Inconnus?

Vous avez célébré le 10 septembre 1928, autour du Dolmen de Locmariaker, bien semblable au notre de Pontearreas, la fête annuelle du Collège des Bardes d'Armorique. Nous connaissons l'existence de ces Collèges dans les pays celtiques, mais ne savons ni les noms ni les adresses de leurs membres pour pouvoir ouvrir au moins la voie à notre connaissance mutuelle. Nous avons des correspondants en France, en Allemagne et en Italie; nous n'en avons point dans les Peuples celtiques. C'est douloureux pour une petite nation qui veut vivre de n'avoir pas de liaison avec les détenteurs de ses ancêtres.

C'est pour cela que je vous écris. Nous voulons connaître ici l'organisation bardique, ses fins, son esprit, son règlement, sa possible adaptation même à notre pays; nous voulons connaître la littérature de la langue armoricaine, l'histoire et le folk-lore. Pour cela je vous prie de me donner les renseignements suivants, etc (Taldir, «Les Gallegos d'Espagne». *An Oaled*, 3 ano, 25-7/5, xaneiro-febreiro-marzo, 1929, 698-701).

Con data do 9 de febreiro do mesmo ano, e agradecendo a amable resposta de Taldir, Risco volve enviar outra carta propondo o intercambio de *Nós* e as publicacións do *Seminario* coa revista *An Oaled*, e informa ao bardo bretón da próxima chegada de Castelao a Bretaña:

Prochainement arrivera en Bretagne, un de plus grands artistes de Galice, le peintre Alphonse R. Castelao, qui va en voyage d'études, pensionné par la *Junta de Ampliación de Estudios* [...] Il veut étudier l'Art Populaire breton, notamment les Calvaires et les Croix dont nous avons aussi beaucoup en Galice. Il est le Directeur artistique de *Nós*, du *Seminario* et de l'intellectualité militante de Galice.

A resposta de Taldir publicada na revista *An Oaled* non se fará agardar coa xenerosa benvida a Castelao, ao tempo que informa aos seus lectores da próxima visita do intelectual galego:

Nous n'avons pas besoin de dire que le Senor Castelao sera le bienvenu dans les milieux Bardiques de Breiz, et que ceux-ci lui faciliteront dans la mesure de leurs moyens la mission de liaison dont ses braves compatriotes l'ont chargé pour notre presqu'île (Taldir, «Les Gallegos d'Espagne». *An Oaled*, 3 ano, 25-27/5, xaneiro-febreiro-marzo, 1929, 700-1).

Evidentemente, a amizade xurdida entre Taldir e Risco, unidos pola fe druídica e a paixón celtófila levou ao intercambio bibliográfico, de modo que na biblioteca de Risco podemos constatar a existencia de libros de Taldir, como o clásico *Le Collège Bardique des Gaules* (París: Heugel, 1933)<sup>17</sup> e postais enviadas desde Bretaña, de clara inspiración druídica<sup>18</sup>, como pode verse nos anexos 1 e 2<sup>19</sup>.

François Jaffrennou, coñecido como Taldir (Carnoët, Côtes du Nord, 1879-Bergerac, 1956), era doutor en «Lettres celtiques» e escritor en lingua francesa e bretoa, colaborador en diversas revistas literarias. Formou parte do primeiro *Emsav* ou «Movemento bretón». Participara en 1898, en Montroulez, na creación da *Union Régionaliste Bretonne* e en 1900 fundou, xunto con outros bretoantes, a sección de «Petite Bretagne» do *Collège des druides* que ten a súa sé en Gales<sup>20</sup>. Xa nomeado bardo, creou unha imprenta no centro de Bretaña, en Karaez, e nela imprime o semanario bilingüe de inspiración rexionalista *Ar Bobl* —O Pobo— e a revista literaria *Ar Vro* —O País—, que desaparecerían en 1914. Trala guerra dedicárase á venda de viño e colabora en *Consortium breton*, unha revista trimestral bilingüe sobre cuestións culturais e económicas bretoas, á que seguirá *An Oaled (Le Foyer breton)* (1928-1939), concibida como o «Bulletin trimestriel de régionalisme et de bardisme». En 1933 deveu Gran Druída. Cómpre sinalar non obstante que a filiación política de Taldir e de boa parte

<sup>17</sup> O libro de Taldir (con sinatura BVR. 1206) leva a seguinte dedicatoria: «A Vicente Risco / le patriote gallicque / hommage de ce vieux livre d'un barde d'Armorique».

<sup>18</sup> Abundan na época as postais tanto de inspiración druídica como megalítica, das cales son boa mostra tamén as enviadas polo propio Castelao aos amigos galegos. Entre 1900 e 1926 foron publicadas máis de 1200 postais de tema megalítico, algunhas delas son precisamente fotografías realizadas polos propios arqueólogos durante a investigación, como é o caso de Zacharie Le Rouzic, como veremos.

<sup>19</sup> Agradecemos á *Fundación Vicente Risco* o permiso de reprodución da documentación aquí exhumada.

<sup>20</sup> Taldir participara na gran xuntanza intercéltica de Eisteddfod en Cardiff (1899). A delegación bretoa estaba conformada por 22 escritores e intelectuais bretóns. Segundo Erwan Chartier, no seo do grupo bretón, sen dúbida o máis impresionado e entusiasta da causa intercéltica é o xove poeta en lingua bretoa François Jaffrennou (Chartier 2010: 44).

do movementu druídico non se aliña co nacionalismo<sup>21</sup> senón ao rexionalismo ou a un autonomismo moderado. Así, segundo Le Scouëzec, Taldir era autonomista-federalista «respectueux de la France» e mesmo unha parte do *Emsav* o consideraba excesivamente moderado (Le Scouëzec 2001: 9).

Así pois, a porta de entrada de Castelao á *materia de Breaña* farase por vía céltico-druídica de base rexionalista e non polo contacto co movemento nacionalista<sup>22</sup>, polo menos nun primeiro momento. A viaxe de Castelao a Breaña, se ben está propiciada e animada polo proxecto de estudo das cruces de pedra, ten un carácter simbólico evidente, como ben vira o propio Taldir cando sinala a «misión de enlace» que porta canda si Castelao en representación dunha xeración de intelectuais, e se se quer, dun pobo.

Exhumamos no anexo 5 a postal que Castelao envía ao seu amigo Vicente Risco o 26 de xullo de 1929 desde Karaez, onde dá conta do seu encontro co bardo Taldir<sup>23</sup>: «Pasei o día co Bardo Taldir, que lee Nós sempre. Simpatiquísimo e cultísimo. Non podo estar á xuntanza que van ter en Huelgoat, porque aínda non saín de Finistère e a Breaña é un mundo».

En efecto, a xuntanza á que se refire Castelao trátase do Gorsedd de Breaña que ese ano se reúne no Huelgoat o 18 e 19 de agosto e do que dará boa conta a revista *An Oaled* nas súas páxinas. A pesar da ausencia de Castelao na reunión druídica, Vicente Risco envía unha sentida nota de adhesión que *An Oaled* publica no seu número 30 (3º ano, 5, 4º trimestre, 1929, 972), baixo o título «Un message des Galiciens»:

Nous avons reçu trop tard pour en donner communication au Congrès, le message ci-dessous des Celtisants de la Galicie Espagnole:

«Veuillez porter, au nom d'un groupement d'Écrivains, d'Artistes et d'Historiens, qui travaillent pour redresser l'âme d'une branche de l'ancien Trône Celtique, une parole d'amitié fraternelle et d'admiration sincère pour ceux qui savent si heureusement conserver les vieilles traditions de la Bretagne. Recevez les vœux les plus ardens pour le triomphe de l'Armorique, et pour l'union spirituelle de la Race celte. Signé: Pour la Revue NOS. Vicente Risco».

Mais probablemente as efusións esotérico-druídicas de Risco están atenuadas en Castelao, que parece sentirse máis atraído polas artes populares, pola arqueoloxía, e polo espertar nacional de Breaña. Ata o momento conservabamos moi poucas trazas dos contactos establecidos por Castelao en Breaña. Nunha das cartas dirixidas a Casto Sampedro en maio de 1929 (Rodríguez Castelao 2000: 142) di que tivo contactos

<sup>21</sup> Houbo certas tensións entre o movemento druídico e os integrantes de *Gwalarn*, feito que se ve reflectido na obra de Jakez Riou, *Gorsedd digor* (1928) que satiriza a figura do neo-druída.

<sup>22</sup> Per Denez indica que Castelao tivo contactos con membros do nacionalismo bretón neste período, pero non especifica cales (Denez 2001: 573).

<sup>23</sup> Confirmamos así a intuición de Chartier cando di: «Durant le printemps et l'été 1929, le grand écrivain galicien Castelao se rend en Bretagne où il rencontre sans doute Taldir Jaffrennou» (Chartier 2010: 45).

cos membros da *Société Archéologique du Finistère*, e en especial con Louis Le Guennec, bibliotecario de Kemper. Pola mesma carta sabemos que gustou da magnífica biblioteca bretoa de Kemper e dos museos da prehistoria de Kermuz e de Penmarc'h, así coma do *Museo departamental bretón* de Kemper, fundado pola devandita Sociedade Arqueolóxica. Agora ben, ¿entrou Castelao en contacto co movemento nacionalista bretón? ¿Ata que punto coñeceu Castelao a realidade política, sociolingüística e cultural de Bretaña? Mais aló das cruces, Castelao no bosque de carballos e no bosque de persoas.

### MÁIS ALÓ DAS CRUCES: OS BOSQUES DE CARBALLOS E OS BOSQUES DE PERSOAS

Exhumamos, nos anexos 3, 4 e 5 unha longa carta que Castelao dirixe a Ramón Otero Pedrayo<sup>24</sup> o 31 de maio de 1929 e mais dúas postais que envía a Vicente Risco (a primeira sen data e a segunda do 26 de xullo). A través destes documentos que permanecían inéditos na *Fundación Vicente Risco*, e a falta de posibles intercambios epistolares aínda non coñecidos, podemos xa trazar un provisional mapa de coñecementos e contactos que Castelao tería tecido na súa estancia en Bretaña.

As cartas revelan un rápido coñecemento da realidade cultural bretoa: lembremos que a longa carta a Otero é escrita ao mes de chegar a Bretaña. O contido desta carta é esencial para coñecermos os ámbitos nos que se desenvolve Castelao desde o inicio da súa viaxe, as persoas que frecuenta, as informacións que busca e compila non só para si mesmo e para o seu proxecto persoal senón tamén a nivel xeracional, como veremos, mediante unha «visión colectiva» que o fai depositario dunha misión e o converte, de algunha maneira, en «legado» da intelectualidade galeguista. Polos ollos de Castelao ve Galicia a Bretaña celta, a patria druídica, o lugar dos pobres, o megálito perdido, o idioma asoballado, o fósil desenterrado, a comunidade atlántica e, quizais, un país que esperta do seu sono.

Castelao comeza a súa carta a Otero transmitíndolle as impresións de viaxe, as vicisitudes da vida cotiá e as emocións estéticas que experimenta: «Traballo canto podo e sinto moito que a maoría das miñas impresións soyo [sic] poideran traducirse en música, porque eu non sei eispresalas». Percorre Breizh practicamente a pé e constata que o estudo dos calvarios e cruces pétreas bretoas está aínda por facer. O traballo de Castelao -aínda hoxe pouco coñecido entre os especialistas bretóns- constitúe un dos primeiros estudos dedicados ao patrimonio dos cruceiros desta terra. Mais, á marxe da cuestión dos cruceiros, dedica unha boa parte da súa carta a informar ao de Trasalba da situación do movemento autonomista bretón e da situación sociolingüística, así como do seu encontro con arqueólogos e outros eruditos.

---

<sup>24</sup> A carta (con sinatura VR3-210) encóntrase no Arquivo da *Fundación Vicente Risco*. Probablemente Otero Pedrayo lle dera a ler a carta a Risco, dada a importancia e a cantidade de datos que nela ofrece Castelao.

## A SITUACIÓN DA LINGUA BRETOA E A CUESTIÓN NACIONAL

«Eiquí se non fose pol-os cregos que siguen falándolle ós feligreces en bretón (¡que diferencia!) e se non fose por moitos vellos bretóns que non entenden o francés, eu coido que a lingua estaría peor que a nosa xa». Castelao refire deste modo a situación de franco retroceso en que se encontra a lingua bretoa trala Primeira Guerra Mundial e a posición da Igrexa, que seguiu apoiando o seu uso desde o púlpito contra a lingua da República e da «modernidade». Ademais do folleto «L'instruction du peuple breton par le breton»<sup>25</sup> -que segundo el lle ía interesar moito a Risco-, na maleta de Castelao viaxará a Galicia un vello catecismo en bretón, pois «Tódolos libros piedosos están en bretón» e pon como exemplo a vila fisterrá de Pont-'n-Abad, onde as cerimonias relixiosas transcorren na lingua de Bretaña:

En Pont-L'Abbé, que é un pobo meirande que Villagarcía, o cura explica o evanxeo en bretón. O que pasa alí é que sendo todos católicos, somentes van á misa as mulleres e os nenos. Isto pol-o visto somentes pasa na terra dos bigoudéns que son xente pouco piedosa anque tremendamente supersticiosa... O peor de todo é que os tales bigoudéns son os que me parece que se asemellan máis a nós. Xa falaremos d'isto, cando teña as ideas máis seguras.

En efecto, Pont-'n-Abad, no corazón cornuallés do *Pays bigouden* intégrase na chamada «diagonal contestataria», de forte implantación comunista. Rexión pouco desenvolvida economicamente, é contestataria no plano relixioso e político, e non obstante moi conservadora a nivel cultural (Flatrès 1986: 14) —o que explica a paradoxal contradición que subliña Castelao entre «impiedade» e «superstición»<sup>26</sup>.

<sup>25</sup> Refírese ao texto «L'instruction du peuple Breton par le Breton et l'oeuvre de *Gwalarn*», Brest, 1928. Téñase en conta que o esforzo do grupo de *Gwalarn* responde a unha situación sociolingüística de inexistencia do bretón no ensino, pois foi prohibido nas escolas entre 1897 e 1951 (Broudic 1999: 38).

<sup>26</sup> Na orixe desta «diagonal contestataria» parecen situarse vellos sistemas de explotación comunal da terra, así como historicamente a sucesión de numerosas revoltas campesiñas, como sinala Ronan Le Coadic: «Dès le XII<sup>e</sup> siècle, un mode d'exploitation original, la quévaise, est implanté dans cette région par les Cisterciens et les Templiers afin d'y attirer des défricheurs. Il y règne une forme de communisme agraire d'où la propriété privée est absente et la population se soude pour faire valoir ses droits face aux moines. D'autre part, au XVI<sup>e</sup> siècle, lorsque l'Église s'efforce de réaffirmer ses dogmes face aux élans du protestantisme et de remettre ses fidèles au pas, sa Contre-réforme, qui sépare le sacré du profane, conduit à briser la complicité qui unissait le clergé breton à ses ouailles, lesquelles commencent à se détacher de la religion. Enfin, au fil des siècles, des révoltes agraires égalitaristes mettent régulièrement les paysans aux prises avec la noblesse et les villes. C'est le cas en 1490, en pleine guerre franco-bretonne, en 1589-1590, lors des guerres de la Ligue et surtout en 1675, sous le règne de Louis XIV. La révolte des Bonnets rouges embrase alors la région, mettant en cause l'ordre féodal dans son ensemble. On ne s'étonne pas qu'un siècle plus tard, la «diagonale contestataire» prenne le parti de la révolution puis celui de la république. À tous ces éléments s'ajoute la présence sur place d'un prolétariat rural, réceptif à l'influence des « semeurs d'idées » qui sillonnent la région, chiffonniers itinérants (de sensibilité républicaine), missionnaires protestants, ou, plus tard, militants communistes» (Le Coadic 2008: 8).

Será precisamente esta identificación entre a Igrexa, a tradición e a lingua bretoa<sup>27</sup> un dos factores que acentuarán a diglosia e o proceso de substitución lingüística no seo dunha sociedade que comeza o camiño cara a unha «modernidade urbana» integrada nun Estado fortemente centralizado<sup>28</sup>. Neste senso, Castelao fai referencia ao posicionamento das mulleres neste proceso de aculturación e substitución lingüística: «Paris vai ganando a y-alma das súas mulleres, que son as que se interpoñen antr-o bretón e o francés para que os seus fillos sexan máis señoritos». O proceso de autoodio e de diglosia, que se irá acelerando, fundamentalmente trala Segunda Guerra Mundial, ten no caso das mulleres un factor asociado ao proceso de liberación feminina e «modernización» dos costumes en ruptura coa tradición<sup>29</sup>.

Por outra banda, Castelao refírese aos usos lingüísticos dos propios nacionalistas e fai un breve percorrido polas actividades editoriais e pola situación do movemento, en ocasións cun espírito de comparación coa realidade galega:

Eiquí o movemento autonomista vai collendo importancia, pero en vez de falaren do seu falan acotío da Alsacia<sup>30</sup> e falan en francés [...] O mesmo periódico autonomista que teñen, o *Breiz Atao* (Nación Bretona), semanario, publícase en francés e de cando en cando un artigo en bretón, coma en «El Pueblo Gallego»; de todos xeitos neste semanario fálase forte, moi forte, e cómpre trocar con il as nosas publicacións; publícase en Rennes, 4 rue de Rohan. Xa levarei exemplares e xa falarei con eles ó seu tempo. O que teñen en bretón é a editorial «Gwalarn» que leva publicados unha ducia de libros en bretón, moitos traducidos do inglés. Levarei folletos, proclamas, etc, dos nacionalis-

<sup>27</sup> Véxase a este propósito o dito bretón «Ar brezhoneg hag ar feiz zo breur ha c'hoar e Breizh» («O bretón e a fe son irmáns en Bretaña»).

<sup>28</sup> Non esquezamos que xa no período xacobino, Barrère critica o uso do bretón e doutras linguas «rexionais» por consideralas ligadas ao fanatismo e á superstición (Broudic 1999: 38). Xa en 1902 aprobábase unha lei de prohibición do uso do bretón na prédica, de maneira que 127 cregos foron suspendidos das súas funcións por «abuso do uso de bretón» no exercicio das súas funcións relixiosas.

<sup>29</sup> Sinala ao respecto o estudoso Ronan Le Coadic: «Mais à l'époque, comment un Breton peut-il être moderne ? Deux stratégies s'offrent à lui. L'une, plutôt « rouge », consiste à miser sur les études pour, ensuite, s'exiler et connaître une promotion sociale. L'autre, plutôt « blanche », consiste à rénover l'exploitation agricole parentale afin d'en accroître la rentabilité. L'une comme l'autre supposent le renoncement au breton, perçu comme un symptôme d'arriération. En partie à l'initiative des femmes, «agents secrets de la modernité» des campagnes bretonnes, la langue bretonne est donc abandonnée massivement et bientôt scotomisée».

<sup>30</sup> En setembro de 1927 créase o Partido Autonomista de Alsacia-Lorena en Estrasburgo. En novembro, mediante a fusión co «Blok de oposición» do barón antifrancés Claus Zorn de Bulach, nace o «Partido rexional independente», cuxos dous órganos de expresión, o «Volksstimme» et o «Wahrheit» son rapidamente prohibidos. Nese mesmo ano producíranse as detencións de varios autonomistas e o 1 de maio de 1928 iníciase en Colmar o proceso contra os mesmos, feito que terá un amplo eco nacional. Os autonomistas son acusados de tentar unir Alsacia a Alemaña e o 28 de maio os militantes Ricklin, Rossé, Fashauer et Schall son condenados a un ano de cárcere e a cinco anos de desterro, pena que será condonada en xullo dese mesmo ano. Aos outros sete acusados —Réné César Ley, Karl Ross, Robert Ernst, Emile Pinck, Schmidlin, Hirtzel e Eugène Zadok— imporánselles penas de cárcere de entre 10 e 20 anos. Roos terá un segundo proceso en xuño de 1929 (Hoffet 1994: 140-1). Neste senso, cando Castelao chega a Breizh, o *affaire* alsaciano está de plena actualidade e evidentemente o Movemento bretón segue de preto o proceso.

tas bretóns para que vexades. Ouvíndo-os falar están coma nós, quéixanse dos ricos, din que non teñen cartos [...]. En Pont L'Abbé din c'un enrabechado nacionalista; eiquí en Quimper hay un arquitecto (;cousa rara!) que é autonomista [...].

En efecto, *Breiz Atao*, que ve a luz en 1919, é o órgano de expresión do «Grupo rexionalista», creado en 1918 por tres mozos: Maurice —ou Morvan— Marchal, Henri Prado e Joseph de Roince, ao cal se unirán moi pronto Olivier Mordrelle —Olier Mordrel<sup>31</sup>— e François —ou Fransez— Debauvais<sup>32</sup>, quen imprimirán ao grupo un carácter netamente nacionalista<sup>33</sup> tendente á extrema dereita<sup>34</sup>. En 1925 nace como suplemento literario de *Breiz Atao*, a revista trimestral *Gwalarn*<sup>35</sup>, que se publicará en formato independente a partir de 1926 e ata a súa desaparición en 1944, e se fará mensual a partir de 1930. A xeración de *Gwalarn*<sup>36</sup>, que pode aparentarse ao Grupo *Nós* (Lopo 2010: 42), diríxese a unha elite intelectual bretoante coa pretensión de renovar a literatura bretoa e dotar o país dunha avanzada cultural creativa ao tempo que procura unha lingua moderna, «qui n'est plus celle des cantiques et des contes», rexeitando todo folclorismo e «provincialisme rance» (Cornette 2005: 462). Vexamos algúns extractos do «Premier et dernier manifeste de GWALARN en langue française» que abre o primeiro número da publicación:

Il n'est pas de renaissance nationale sans renaissance linguistique. L'exemple de toutes les nationalités le montre [...] *Gwalarn* est avant tout quelque chose de neuf et d'unique: une revue littéraire, destinée à l'élite du public bretonnant, et dont l'ambition n'est rien moins que d'engager la littérature bretonne sur la voie que suit depuis longtemps la littérature de mainte petite nation: la Bohème, la Flandre, la Catalogne entre autres.

C'est dire que l'avènement de *Gwalarn* marquera en Bretagne dans le domaine littéraire ce que l'avènement de *Breiz Atao* a marqué dans le domaine politique: réaction violente et raisonnée de la jeunesse cultivée contre les modes surannées et la fausse

<sup>31</sup> Véxase o seu *Breiz Atao ou Histoire et actualité du nationalisme breton* (1973).

<sup>32</sup> Para un maior coñecemento das circunstancias da fundación de *Breiz Atao*, e en especial da figura de Debauvais e a súa actividade política no seo do Emsav, é de imprescindible consulta a obra da súa muller, Anna Youenou, *Fransez Debauvais de Breiz Atao et les siens. Mémoires du chef breton commentés par sa femme* (1974-1984).

<sup>33</sup> Para unha visión xeral do *Emsav* poden consultarse os estudos de Nicolas (1982 e 1986), e de Déniel (1976), así como o capítulo dedicado a este asunto por Cornette na súa *Histoire de Bretagne et des bretons*, vol. II (2005).

<sup>34</sup> Como sinala Cornette, «en ces années 1930, BREIZ ATAO oscille d'un courant à l'autre, avant de s'abandonner à d'inquiétants démons: avec l'accession d'Hitler au pouvoir, comme l'écrit Mordrel en 1973, Breiz Atao joue gagnant» (Cornette 2005: 468). Certos integrantes do movemento nacionalista bretón manifestarán aberta simpatía polas teses fascistas e as acusacións de colaboracionismo constituirán unha lousa histórica para o mesmo. Pode verse ao respecto o estudo de Georges Cadiou, *L'Hermine et la croix gammée. Le mouvement breton et la collaboration* (2001).

<sup>35</sup> O seu significado está emparentado a «galerna» e denomina un vento do noroeste. Roparz Hémon é o seu director.

<sup>36</sup> Entre os seus integrantes, hoxe clásicos da literatura e da lingüística bretoas, encóntrase Roparz Hémon, Jacques Kerrien, Fanch Elies-Abeozen, Jakez Riou, Youenn Drezen, etc. Para unha aproximación á historia desta xeración, pode verse Favereau (2003: 238-513).

paysannerie mises en honneur par le régionalisme, contre le clinquant, les clichés, les fadaises, le plat et le naïf propagandisme [...]

Pour la première fois, une revue bretonnante entreprendra méthodiquement de donner, à l'aide d'études, et de traductions, une idée à ses lecteurs des littératures celtiques et étrangères du présent et du passé.

Il s'agit de savoir s'il existe en Bretagne un public assez instruit du breton pour pouvoir comprendre la langue littéraire [...], un public assez éclairée pour suivre une littérature bretonne qui, tout en s'efforçant de puiser sa sève dans le génie de la race, veut être d'esprit européen.

[...]

Le but de *Gwalarn* n'est pas d'élever de petits piédestaux à des petits talents, mais de déclencher un mouvement général dans l'élite bretonnante.

[...]

Nous croyons qu'il peut se faire, qu'il doit se faire. Nous croyons qu'il se fera. (in Favereau 2003: 239).

Pois ben, *Gwalarn*, procederá, como o fará *Nós* en Galicia, á difusión de literaturas estranxeiras por medio de traducións ao bretón, ao tempo que dá paso a unha nova literatura bretoa e mesmo á publicación de obras de carácter científico. Universalidade e identidade bretoa, avanzada cultural e raíz celta, arte nova e bretonidade forman a filosofía de *Gwalarn*, que actuará tamén como editorial, como ben apunta Castelao na carta a Otero. A través dos comentarios de Castelao podemos intuír que, se ben non tivera aínda —a fins de maio— a ocasión de encontrarse cos dirixentes de *Gwalarn*, tivo xa probablemente por aquelas datas algún achegamento con determinadas personalidades do *Emsav*. Así, o «arquitecto autonomista» ao que fai referencia é, moi probablemente, Olier Mordrel (1901-1985), un dos integrantes de *Gwalarn*, que se integra ao *Emsav* cara a idade de dezaoto anos e crea, en 1919, como se dixo, con J. de Roincec, Marchal, Pardo, o xornal *Breizh Atao*. Dirixente da organización autonomista, en 1927 funda o Partido Autonomista Bretón (PAB) que devén, en 1931, Partido Nacional Bretón (PNB), derivando cara presupostos fascistas<sup>37</sup>. Inicialmente condenado a morte por colaboracionismo, foi protexido por Alemaña e á fin da guerra marcha a Italia, e logo a América Latina, pasando mesmo dous anos en España entre 1969 e 1971 antes de volver a Francia trala condonación da pena imposta (Favereau 2003: 485).

O «nacionalista enrabeado» de Pont-'n-Abad é probablemente Youenn Drezen (1899-1972), importante escritor e xornalista, membro de *Gwalarn*, e amigo dos membros do primeiro *Breizh Atao*, Mordrel, Marchal e Debauvais, que exerceron sobre el unha influencia determinante (Favereau 2003: 381). Foi tradutor do español para *Gwalarn*<sup>38</sup>, e no intre en que Castelao visita Breizh, Drezen traballa para o *Courrier*

<sup>37</sup> Prodúcese moi rapidamente unha escisión nas filas do PNB, creando os federalistas —Morvan Marchal e Goulven Mazéas— a LFB («Ligue Fédéraliste de Bretagne»), formación de esquerdas, e que terá como órgano de expresión *La Bretagne fédérale*, que tamén manterá intercambio con *Nós*.

<sup>38</sup> Entre 1911 e 1917, Drezen está en diversos mosteiros de España, onde coñece a Jakez Riou e Jakez Kerrien, compañeiros de xeración. Trala perda da fe, regresa a Breizh, esta vez gañado pola fe no combate nacionalista.

*du Finistère*, un xornal de tendencia conservadora do que será expulsado en 1931 pola súa «trop grande liberté d'esprit» (Favereau 2003: 383). Figura controvertida e difícil de encadrar, os seus escritos xornalísticos oscilan entre a reacción clerical, o nacionalismo de *Breiz Atao* e o comunismo de *L'Humanité* e mesmo o filofascismo dos tempos da ocupación.

Agora ben, cabe preguntarse se finalmente Castelao puido encontrarse cos membros dirixentes de *Gwalarn*. No estadio actual da investigación, soamente podemos afirmar que *Gwalarn* publicou en 1930 unha reseña de *As cruces de pedra na Bretaña*, na que se transcriben algúns extractos da obra<sup>39</sup>. Non hai na devandita reseña dato ningún que nos permita pensar que houbo algún outro tipo de intercambio máis que o estritamente bibliográfico. Ademais, *Nós* non consigna entre as publicacións recibidas a revista *Gwalarn*. Entre outras cuestións, a revista *Gwalarn* está escrita integramente en bretón (agás en períodos en que se incorporou un anexo en esperanto), o cal dificultaría ou imposibilitaría a comprensión para os galegos, cousa que non sucede coa bilingüe *An Oaled*, onde se saúda efusivamente o libro de Castelao<sup>40</sup>, reseña da que se fai eco *Nós* (83, 15 de novembro de 1930).

Se ben o intercambio de *Nós* con *An Oaled* precede a viaxe de Castelao, a partir desta, *Nós* recibe tamén *Breiz Atao* e *La Bretagne Fédérale*, como o confirma a sección de publicacións recibidas<sup>41</sup>. Por outra banda, algunhas publicacións que se encontran nas bibliotecas dos intelectuais de *Nós* revelan o intercambio cos arqueólogos bretóns, como veremos.

## ANTE A BELEZA DOS LIBROS, DOS FÓSILES E DOS BOSQUES DE MENHIRES: CASTELAO ENTRE ERUDITOS E ARQUEÓLOGOS DE BRETAÑA

Probablemente un dos lugares que primeiro visitou Castelao en Bretaña foi a Biblioteca de Kemper, á que alude nas súas cartas pola riqueza do seu fondo bretón. A Biblioteca de Kemper é xa de orixe revolucionaria: as primeiras coleccións de libros proveñen das bibliotecas dos mosteiros de Xesuítas confiscadas polos revolucionarios, pero tamén de coleccións privadas de nobres emigrados (Le Grand-Vélin 2009: 174). Acubillando pois, varios miles de exemplares, en 1832 a Biblioteca está xa situada no edificio do Concello, ocupando tres grandes salas repartidas en dúas plantas. Kemper constitúe, como se viu, un centro de operacións para Castelao, a onde ven larse con auga quente tralas súas expedicións á procura de cruceiros, pero tamén on-

<sup>39</sup> *Gwalarn* 23, 32-4.

<sup>40</sup> *An Oaled*, 4º ano, 6/34, 4º trimestre, 1930, 315-6.

<sup>41</sup> Dáse conta da recepción de *An Oaled* nos números 65, 114, 115 e 122 de *Nós*, de xuño de 1929, xuño de 1933, 25 de xullo de 1933 e febreiro de 1934, respectivamente. Consígnase a recepción de *Breiz Atao* nos números 99, 102 e 105, de marzo, xuño e setembro de 1932 respectivamente. Consígnase a recepción de *La Bretagne Fédérale* en *Nós* nos números de decembro de 1931, e de febreiro e agosto de 1932. *Breiz Atao* non dá noticia do paso de Castelao por Bretaña.

de contempla as marabillas do «Museo departamental bretón», onde se procura bibliografía sobre arte popular e onde encontrará a algunhas persoas coas que ten intereses afíns e coas que iniciará unha certa amizade. Entre elas, cómpre sen dúbida destacar a Louis Le Guennec, que Castelao cita en varias ocasións. A Otero Pedrayo escríbelle a fins de maio: «Eu vou moito á biblioteca d'eiquí e o bibliotecario, que é un tal Guennec moi erudito, púxome en relación cos da “Société Archéologique du Finistère”».

Sen dúbida, Louis Le Guennec (1878-1935) é unha personalidade importante do mundo cultural da Baixa Bretaña a fins dos anos vinte. O erudito «Conservador» da Biblioteca Municipal de Kemper, de formación autodidacta, traballara desde moi novo nunha imprenta e foi un exquisito debuxante, cuxo estilo nos recorda ao do propio Castelao. Ilustrador en numerosas publicacións da época<sup>42</sup>, as súas magníficas litografías e augafortes déixannos a beleza minuciosa das estampas dunha Bretaña de pazos, fontes, capelas, megálitos e paisaxes humanas. Como di Yann Celton, «Typographe de formation, dessinateur talentueux et méticuleux; doté d'un sens remarquable de la composition, il a marqué de son art le monde des lettres bretonnes de l'Entre-deux-guerres» (in Le Grand-Vélin 2009: 186).

Pero Le Guennec definíase a si mesmo como historiador e arqueólogo, eidos nos que se desenvolveu con paixón e rigor. Nacido en Montroulez, instálase en Kemper en 1919, onde permanecerá xa o resto da súa vida. En Kemper o artista e erudito devén primeiro libreiro e, a partir de 1925 «Conservador» da Biblioteca Municipal, como dixemos<sup>43</sup>, e achégase cada vez máis ás chamadas «sociétés savantes», formando parte activa da *Société Archéologique du Finistère*, da cal era tesoureiro no momento da chegada de Castelao a Breizh<sup>44</sup>. A través del o escritor galego entra en contacto cos arqueólogos bretóns, que o convidan a unha das excusións que a Sociedade tiña por costume facer tódolos veráns<sup>45</sup>. Así, ademais dos intercambios directos<sup>46</sup> e o aproveitamento para o seu propio proxecto, Castelao recolle informacións que poderían interesarlle ao seu compañeiro de xeración e amigo arqueólogo, Florentino López Cuevillas; neste senso, Castelao actúa tamén como enlace e mediador cultural, de

<sup>42</sup> Cabe mencionar aquí a súa colaboración para *Le Consortium breton*, por petición de Taldir Jaffrennou en 1926.

<sup>43</sup> Os datos que aquí expomos proceden da rica e documentada edición *Louis Le Guennec. Carnets du Finistère*, publicada por Alain Le Grand-Vélin en colaboración con Yann Celton e Bruno Le Gall (2009).

<sup>44</sup> O Boletín da devandita Sociedade Arqueolóxica de 1928 sinala como Presidente ao arquivero departamental Henri Waquet, e como vicepresidentes ao maxistrado V. Cormier, ao doutor Lagriffe, ao coengo Pérennes e ao doutor Charles Picquenard. Como secretarios a Jean Savino, ao mestre Louis Ogès e a Mlle Bablet.

<sup>45</sup> Non se atopan datos da estancia de Castelao en Bretaña no Boletín da Sociedade de 1929, que me foi dado consultar grazas á xenerosa axuda do persoal da citada *Société Archéologique du Finistère* en Kemper. O rastro de Castelao ou o intercambio posterior —envío de cartas ou libros desde Galicia— pode terse perdido nas inundacións que a sé da Sociedade sufriu no ano 2000 e que destruíu unha parte importante do arquivo máis antigo.

<sup>46</sup> Tampouco o arquivo Louis Le Guennec amosa rastro ningún de Castelao. O seu diario non cobre máis que ata o ano 1926.

modo que na carta a Otero indica o enderezo dos arqueólogos Péquart para que Cuevillas se poña en contacto con eles. Os eminentes arqueólogos Péquart estiveran en Bretaña ao longo dos anos vinte e trinta investigando diversos asentamentos neolíticos. Foran iniciados na arqueoloxía por quen foi un dos grandes especialistas e investigadores do sitio arqueolóxico de Carnac: Zacharie Le Rouzic. Eminente arqueólogo e estudoso da prehistoria (1864-1939), nacido nunha familia pobre de Carnac, aos 10 anos foi posto a disposición, como axudante, do arqueólogo escocés Miln, estudoso do megalitismo bretón. Del aprende a profesión e toma o relevo na dirección do *Museo da prehistoria* de Carnac, que hoxe en día leva o nome Miln-Le Rouzic. Especialista do xacemento megalítico de Carnac, Le Rouzic deveu unha figura recoñecida internacionalmente. Foi membro da *Société préhistorique française*, membro titular da *Commission des Monuments préhistoriques de France* e da *Association des Monuments historiques de France*.

Precisamente Le Rouzic envía varios exemplares dos seus artigos dedicados a Risco e a Fermín Bouza-Brey<sup>47</sup>. A Fundación Vicente Risco ten catalogados seis traballos de Le Rouzic, algúns deles son separatas da coñecida revista *L'Anthropologie* onde publica estudos de arqueoloxía local dos anos 30.

Parece evidente que Castelao entra en contacto, desde a súa chegada, co mundo cultural dunha pequena cidade como é o Kemper dos anos 20, que constitúe a súa plataforma de entrada na cultura bretoa. Así, por exemplo, na carta a Otero, Castelao fai referencia á súa amizade cun libreiro «que vende libros raros e é un intelectual bretón». Estamos máis que probablemente ante a figura do libreiro de Kemper Maurice Le Dault, tamén coñecido como Moris Le Dault ou Moriz an Dault. Membro da *Société Archéologique du Finistère*, a publicidade da súa librería atópase en repetidas ocasións nas páxinas da revista *An Oaled* como «Leordi keltiek brezonek. Aux livres anciens».

Certamente Castelao debeu de recoller, como el mesmo di na súa carta a Otero, todo tipo de informacións, folletos, xornais e libros que ilustraban a Bretaña cultural e política do momento. Sabemos que na súa maleta viaxaron de volta a Galicia numerosos libros sobre arte popular bretoa, que se encontran na biblioteca do Museo de Pontevedra<sup>48</sup>.

<sup>47</sup> Bouza-Brey tamén viaxa a Bretaña nese mesmo 1929, pensionado polo Centro de Estudios Históricos. Probablemente o propio Bouza-Brey establecera contacto con Le Rouzic en Bretaña. Cumpriría unha investigación particular a este respecto. Sexa como for, a partir deste momento os estudos de Le Rouzic son ben coñecidos polos historiadores e arqueólogos galegos, como o evidencian as citas bibliográficas de traballos de Le Rouzic en artigos de Florentino López Cuevillas, por exemplo. Por outra banda, cabe sinalar que o arqueólogo Bosch Gimpera, colaborador de *Nós* mantiña intercambio epistolar e bibliográfico con Le Rouzic et Martha e Saint-Just Péquart.

<sup>48</sup> Entre eles cabe citar varios de P. Gruyer: *Les calvaires bretons*, *Les chapelles bretonnes*, *Les fontaines bretonnes*, *Retables de Jubés bretons*, *Les saints bretons*, todos eles publicados por Henry Laurens, en París, e s/d. Na biblioteca de Castelao encóntrase tamén o estudo do arqueólogo Le Rouzic *Les Monuments mégalithiques de Carnac et de Locmariaquer. Leur destination. Leur âge*, Vanes, s/d.

Ademais do seu estudo sobre as cruces de pedra bretoas, Castelao rastrea en Bretaña a pegada do apóstolo Santiago e das peregrinacións xacobeas, como informa na súa carta a Otero: «O que hay eiquí é moito das pelengrinacións a Sant-Yago. Por certo que eiquí ô noso Sant Yago chamábaselle moitas veces Sant Jakés an Turkez (Sant Yago de Turquía) e sobor d'isto xa recollín algunhas notas e tamén un romance en bretón referente a un milagre do Apóstolo que cicais aínda non sexa coñecido ehí». En efecto, as informacións recollidas por Castelao darán lugar a un artigo que comeza a escribir o 13 de xuño e que será publicado co título «Sant-Iago en Bretaña» en *Nós*, en dúas partes, no número 67 (25-VII-1929, 19-21) e no número 79 (25-VII-1930, 124-27).

### CELTAS TODOS

A viaxe de volta sabemos que se produce a fins de agosto, vía París. Nese mes envía unha postal desde Sant-Brieg na cal indica a súa intención de chegar a París sobre o 21 ou 22 dese mes para emprender a viaxe de volta a Galicia (Rodríguez Castelao 2000: 148) e dá mesmo o enderezo do hotel parisiense onde teñen intención de se aloxar<sup>49</sup>. Da viaxe de volta temos poucos datos e dos contactos posteriores, a falta de novidades na investigación<sup>50</sup>, soamente o acuse de recepción das revistas bretoas nas páxinas de *Nós*.

Mais na maleta de Castelao viaxan non soamente folletos e libros e centos de notas manuscritas e instantáneas de vida errante á procura da beleza nestoutro fin do mundo. Na maleta de Castelao viaxa unha convicción intuída polas marés atlantistas dos soños celtófilos galaicos: a evidencia da identidade e irmandade entre Galicia e Bretaña. A conclusión profunda da súa viaxe encóntrase en filigrana no estudo comparado das cruces de pedra, mais a certeza antropolóxica atópaa Castelao durante eses catro meses de vida vagabunda en Bretaña, á procura da calma pero tamén do saber. E ante as pobres mans que queiman o argazo e as humildes faces campesiñas en todo tan semellantes ás nosas propias, Castelao escribelle a Risco en xullo de 1929: «Eu sômentes podó decirche unha cousa ben meditada: non hay a qué ir a Berlín, nin París, nin Roma denantes de vir eiquí; Non-os coñecemos e somos irmáns de certo. Celtas todos. Hay que vir a Bretaña. Cada un ó seu. Nin os bretóns nos coñecen nin nós a iles. Isto é ben triste». En efecto, cómpre lembrar aquí as certas palabras da estudante María Lopo no concernente á busca da filiación celta levada a cabo por *Nós*:

Les intellectuels galiciens d'avant-guerre s'intéressaient au modèle politique irlandais (le nom «Nós» est en fait une adaptation de «Sinn Féin»), à l'art religieux de Bretagne (Castelao et ses études des calvaires bretons), à la musique écossaise, aux techniques narratives de la littérature anglo-irlandaise... À travers l'essai, la traduction, la poésie, la recherche folklorique et érudite, la réception de revues du monde celtique

<sup>49</sup> Hôtel de la Loire, 20-22 Rue de Sommerard, Paris V.

<sup>50</sup> Obviamente non é esta unha investigación pechada no sentido de que poden aínda aparecer cartas de Castelao e tamén documentación aínda non clasificada da Fundación Vicente Risco.

ou l'échange épistolaire, les gens de *Nós* cherchaient, d'une part, la reconnaissance et la mise en valeur des ressemblances entre cultures sœurs et, d'autre part, le renouvellement, la récupération et l'encouragement de l'inspiration celtique au cœur d'une culture galicienne si longtemps éloignée de son aire culturelle naturelle (Lopo 2010: 43)

Os convulsos anos da Guerra Civil española, seguida dunha ditadura de 40 anos, xunto coa Segunda Guerra Mundial, habían de deter temporalmente o movemento imparabile da espiral. Castelao no exilio, o bardo Taldir en desterro, acusado de colaboracionismo; Olier Mordrel condenado por alianza cos nazis, o arqueólogo Saint-Just Péquart executado por colaboracionismo en 1944, *Nós* calada para sempre, como *An Oaled*, *Breiz Atao* e as voces dos druídas nos bosques de silencio imposto polo poder das guerras. As palabras de despedida da carta de Castelao a Otero, teñen, coa distancia que a historia nos outorga, o peso da derrota de tódolos ideais: «Eu estou seguro de que o trunfo será noso e dentro de dez anos xa comenzaremos a vel-lo, se vivimos». O trunfo da beleza coma o fluxo e o refluxo das mareas do noso común Océano é sen dúbida imparabile, e nas pedras graníticas de brazos abertos debuxadas por Castelao trunfa a beleza por riba da morte. Porque a súa viaxe estivo marcada desde o inicio pola forza da vida para calmar a dor. Tamén as dores da Historia poden ser calmadas pola vida contida nas historias errantes polos antigos carreiros da Armórica galaica, «celta e ceibe, nación dos sen nación, patria imposible, lugar libre que hai e que non hai no noso corpo, no soño comunal dos sen estirpe» (Rodríguez Fer 2004: 37).

ANEXOS

Anexo 1

Postal enviada polo bardo Taldir Jaffrennou a Vicente Risco.

Imaxe: Fotografía de François Jaffrennou e a súa muller vestidos co traxe rexional.



## Anexo 2

**Postal enviada polo bardo Taldir Jaffrennou a Vicente Risco.**

Imaxe: Cerimonia druídica de Riec-Sur Belon celebrada en 1927.

Texto:


Pour le D de Nós

Une dame galloise de Swansea parlant à Riec (13-8-1927) sur le dolmen précédant la Cérémonie druidique sur la pierre,

Druide Mab an Argoat

Druide Taldir

Druide Conan.



## Anexo 3

**Carta manuscrita de A. Daniel Rodríguez Castelao a Ramón Otero Pedrayo, datada en Kemper o 31 de maio de 1929.**

Meu querido amigo e irmán: Xa debía escribirche denantes; pero teño que administrar os meus ollos e teño moito traballo que facer eiquí. Vou percorrendo Bretaña, podo decir que a pé, coma un dos pelengrinos que daban a volta a ista terra en honor dos sete santos obispos que fundaron a nación bretona. Aínda non deixei iste centro de Quimper a onde veño de cando en cando para lavarme con auga quente; pero moi axiña irei cara Morlaix para percorrel-o Norte de Fisterre. Traballo todo canto podo e sinto moito que a maioría das miñas impresións soyo poideran traducirse en música, porque eu non sei eispresalas. Eiquí os calvaires e cruces de pedra están aínda sen estudar, como non sexan moi antigas... Como diría o Lousada eiquí tamén parece que están co inventario d'un morto. Eu xa levo andado cáseque tod'a Cornuaille e mañán penso saír para Douarnenez, que é o que me falta; dispois volvo eiquí para marcharme definitivamente cara Morlaix. Fixen deseños, saquei fotos, tomei notas, de xeito que ó voltar farei, Dios mediante, a demais do traballo encol dos cruceiros de Bretaña, unhas impresións que se publicarán en *Nós* e d'ista vez procurarei que sexan en ilustracións. Eiquí o movemento autonomista vai collendo importancia, pero en vez de falaren do seu falan acotío da Alsacia e falan en francés. Eiquí se non fose pol-os cregos que siguen falándolle ós feligreses en bretón (¡que diferencia!) e se non fose por moitos vellos bretóns que non entenden o francés, eu coído que a lingua estaría peor que a nosa xa. O mesmo periódico autonomista que teñen, o Breiz Atao (Nación Bretona), semanario, publícase en francés e de cando en cando un artigo en bretón, coma en «El Pueblo Gallego»; de todos xeitos niste semanario fálase forte, moi forte, e cómpre trocar con il as nosas publicacións; publícase en Rennes, 4 rue de Rohan. Xa levarei exemplares e xa falarei con eles ó seu tempo. O que teñen en bretón é a editorial «Gwalarn» que leva publicados unha ducia de libros en bretón, moitos traducidos do inglés. Levarei folletos, proclamas, etc, dos nacionalistas bretóns para que vexades. Ouvíndo-os falar están coma nós, quéixanse dos ricos, din que non teñen cartos, ollan como París vai ganando a y-alma das súas mulleres, que son as que se interpoñen antr-o bretón e o francés para que os seus fillos sexan máis señoritos. En Pont L'Abbé din c'un enrabechado nacionalista; eiquí en Quimper hay un arquitecto (¡cousa rara!) que é autonomista y-en troques os arqueólogos son, como dixo un coengo, sempre rexionalistas, simplemente rexionalistas. Eu vou moito á biblioteca d'eiquí e o bibliotecario, que é un tal Guennec moi erudito, púxome en relación cos da «Société Archéologique du Finistère» e sonche coma os d'ahí, pintiparados; arman uns líos por calisquera cousa! E logo falan mal uns dos outros. Estou invitado a ir con eles a unha excursión; eu caín ben porque descubrinlle unha cantas cousas que iles non notaran no calvario de Tronoën, calvario que estaba moi estudado pol-o fundador da súa sociedade, o Murguía bretón; e logo como eu dibuxo ben y-eles non saben que eu son dibuxante e como eu falo un francés escuro e non deixo que cheguen á miña ñorancia en custións de arqueoloxía resulta que xa coidan que nós estamos moito mellor que iles. ¡Unha risa! O certo é que eu vou traballando canto podo e que polo menos a custión dos cruceiros heina levar mellor do que pensaba. E voume enterando de todo.

Estiven no Château de Kernuz para ver un menhir romanizado que me intresa coma superposición de relixións e que penso aproveitar no traballo dos cruceiros; pero levaba idea de recoller todo o que vía que podía intresarlle a Cuevillas, pois n'iste castelo garda o seu dono canto recolleu nas súas exploracións arqueolóxicas e din que é unha das coleccións máis importantes que hay eiquí de prehistoria. O castelo estaba en reparación e non puđen entrar, contenteime en vel-o menhir que estaba no parque. Tamén estiven no Museo prehistórico de Penmarc'h, pero cheguei de volta d'unha camiñata de moitos kilómetros e o restaurant estaba aínda a tres e xa era hora de xantar. Entrei no Museo e vin que era unha cousa que volvería tolo a

Cuevillas ¡Qué ben posto! E n'un deserto ¿sabes? Nos arredores onde se encontraron as cousas espostas e onde aínda siguen traballando. Tantas cousas había que non puđen adeviñar o que podería importarlle máis o Cuevillas; vitrinas con moreas de cousas. Reparei que na cerámica decorada había moita ornamentación semellante á que se atopa alí, por exemplo as eses seguidas SSSSS, etc. Dille a Cuevillas que se poña á fala inmediatamente con Mr Saint-Just Péquart que vive en Nancy, 83 rue St Jorge; dixéronme que é moi amable tanto il como a súa muller, que tamén é sabia, terán un grande interés en trocar ideas con xente de Galiza que se adique á prehistoria, e logo ten publicado moito das súas exploracións eiquí.

Fíxenme amigo d'un libreiro que vende libros raros e é un intelectual bretón. Xa levarei catálogos de libros bretóns, por se cumpre mercalos. Eu xa vos mandarí unha chea de papeles; pero se non vol-os mando dend'eiquí levareinos en canto vaya. Dende logo pérdese un antre libros que falan de Bretaña e se non fose pol-a vista que non me deixa adiantar... pois tardo moito en ler...

Merquei «La Légende de la Mort chez les Bretons armoricains» de A. Le Braz e coido que iste libro ha de intresarlle moito ó Risco, se é que aínda non o ten. (Por se lle correse moita présa a editorial é Honoré Champion, 5, quai Malaquais, París, pois eu aínda non rematei de lêlo). Tamén levo algún folleto que lle intresará moito ó Risco, como é un tiduado «L'instruction du peuple breton par le breton».

Tódolos libros piedosos están en bretón (levo un catecismo cheo de notas e mugrento que atopei nunha eirexa). En Pont-L'Abbé, que é un pobo meirande que Villagarcía, o cura esplica o evanxeo en bretón. O que pasa alí é que sendo todos católicos, somentes van á misa as mulleres e os nenos. Isto pol-o visto somentes pasa na terra dos bigoudéns que son xente pouco piedosa anque tremendamente supersticiosa... O pior de todo é que os tales bigoudéns son os que me parece que se asemellan máis a nós. Xa falaremos d'isto, cando teña as ideas máis seguras.

O que hay eiquí é moito das pelengrinacións a Sant-Yago. Por certo que eiquí ô noso Sant Yago chamábaselle moitas veces Sant Jakés an Turkez (Sant Yago de Turquía) e sobor d'isto xa recollín algunhas notas e tamén un romance en bretón referente a un milagre do Apóstolo que cicais aínda non sexa coñecido ehí. Nos grabados antigos aparece cuáseque sempre o miragre do aforcado que reviveu. Eiquí o noso Santo era o patrón dos mariñeiros. Xa falaremos no adro.

O Casal mandoume o meu segundo libro de Cousas que me parece que saú ben editado. Escríbinlle para que vos mande exemplares. Si me contestas non tardando máis que un día podes escribirme eiquí: Hôtel de la Paix: Quimper (Finistère). Calisquera cousa que queirades d'eiquí decirmo e se podó farei todo. Dende logo levarei sabidas moitas cousas de interés para todos. Eu boto de menos a lectura dos teus artigos; dígocho de verdade. ¿Cándo fas unha escolma de todo canto levas publicado nos xornás? Decídete, hom, decídete. Eu estou seguro de que o trunfo será noso e dentro de dez anos xa comenzaremos a vel-lo, se vivimos. Lembranzas a todos e ti recibe un forte abrazo do teu bo amigo e irmán,

Castelao.

Quimper, 31 de maio 1929.



de libros en bretón, muitos traducidos do inglés. Levarei folletos, proclama-  
 cións, etc do nacionalismo bretón para que vexades. Ouvindo-os falar  
 están como nós, quéixanse do río, diñ que non terán catro, ollan  
 como Paris vai ganando a y-algunhas das súas mulleres, que son as que  
 a interferen entre o bretón e o francés para que os seus fillos vexan  
 máis restos. En Pont-L'abbé din c' un curadeado nacionalista;  
 eigi en Quimper hay un arquitecto (- como rara!) que é antro-  
 pómata y-en troques os arqueólogos son, como na día un coeupo,  
 sempre rexionalistas, simplemente rexionalistas. En von morito á  
 biblioteca d'eigi e o bibliotecario, que é un tal Guénnec moi  
 erudito, púxome en relación co da "Société archéologique du Finistère"  
 e souche como os d'ahi, púntiparado; arman un libro por calquera  
 cousa! E logo falar mal un dos outros. Estou invitado a ir con  
 de a unha excursión; en caín ben porque descubrílle unha cantos  
 cousas que iles non notaran no calvario de Tronoën, calvario que  
 estaba moi estudado pol-o fundador de una sociedade, o Nunquia  
 bretón; e logo como en dibuxo ben y-els non saben que en un  
 dibuxante e como en falso francés e non deixo que cheguen á  
 miña insuñancia en cuestión de arqueoloxía resulte que se  
 viden que nós estamos moito mellor que iles. ; Unha risa! O certo  
 é que en von traballando tanto podo e que polo menos a cuestión  
 dos cruceiros heine levar mellor do que pensaba. Evome entrando de todo.

Estiven no chateau de Kernuz para ver un membro romainzist  
 que me interesa como supervivencia de relixións e que penso aproveitar  
 no traballo dos cruceiros; pero levaba idea de recoller todo canto  
 me que podía interesarlle a Cuavilla, púnti n'ite castelo gando o  
 seu dono, tanto recollera na súa exploración arqueoloxica e  
 di que unha das coleccións máis importantes que hay eigi de  
 prehistória. O castelo estaba en reparación e non puden entrar,  
 ententeime con vel-o membro que estaba no parque. Tamén  
 estiven no Museo prehistórico de Penmarc'h; pero desguai de  
 volta d' unha caminata de moitos quilómetros e o restaurant

ataba aínda a tres horas en luma de pantar. Entrei no Museo e vi que era unha cousa que volvería toda a Cuevaillas; - que ben posto! É un deserto; sabe? No anexo, onde se encontraron as cousas, espertas e onde aínda iguen traballando. Tanta cousa había que non puden adentrar o que poderían imputarlle máis a Cuevaillas; intrina con mozas de cousas. Repárase que na cerámica decorada había moitos ornamentos remellante á que se atopou alí, por exemplo os ces requiden SSSSSS, etc. Dille a Cuevaillas que se poria á fala inmediatamente con M<sup>r</sup> Saint-Just Péguart que vive en Nancy, 83, rue St. Jorge; díxéronme que é moi amable e tanto il como a súa muller, que tamén é sabia, teñen un grande interés en trocar ideas con xente de Galicia que se adique á prehistória e logo ten publicado moitos da súa exploracións eigi.

Fixeume amigo d'un libreiro que vende libros raros e que é un intelectual bretón. Xa levárase catálogo de libros bretóns, por se compra mercador. En xa vos mandaría unha deca de papulos; pero se non vos mando deud'ei en levareiros en sacos vaza. Deud'ei lofse perdere un outro libro que falan de Bretaña e se non fore polo a vista que non se deix' adiantar... pois tard' moito en ler... Merquei "La Légende de la nuit chez les Bretons armoricains" de A. Le P<sup>r</sup>az e coído que iste libro ha de inter'alle moito ó Risco. se i que aínda nono teñ. (Por se lle comere moito fura a editorial é Honoré Champion, 11, quai Malagueis, Paris, poi en aínda un rematei de lolo). Tamén lens algun folleto que lle interes' moito ó Risco, como é un tidoas "L' instruction du peuple Breton par le breton".

Todos os libros piobros están en bretón (levo un catecismo  
 duo de notas e mugrento que atoparí n' unha cirexa <sup>en Pont-L'abbé</sup>)  
 que é un jobo meirande que Villagarcía, o cura explica o  
 avances en bretón a todos reza de alto en bretón. O que  
 para alí é que sendo todos católicos, xonentes van á misa os  
 nullas e os novos. Isto pól-o visto xonentes para se tomar  
 do bigondem que son xente puros piobros anque tremendamente  
 supersticiosa... O pior de todo é que os tales bigondem  
 son os que me parece que se asemellan máis a nós. Xa falaremos  
 d'isto, cando teña as ideas máis seguras.

O que hoy eigi é moito das peregrinación a Sant Iago.  
 por certo que eigi ó uno Sant Iago dramabazelle moitas  
 veces Sant Iago an Turkei (Sant Iago de Turquía) e sobre  
 d'isto xa recollín algunhas notas e tamén un romance en  
 bretón referente a un milagre do Apóstolo que cicai mude  
 un vese coñecido elí. No grabado antigo a madeira repre-  
 sentando a Sant Iago aparece un, que rempre o milagre  
 do aforcado que reviveu. Eigi o noso Santo era o frater dos  
 marinheiros. Xa falaremos no adó.

O Carl mandome o meu segundo libro de Cours que me  
 parece que saín ben editado. Guíbilhe par que vos mande xen-  
 plares. Si me contestas nun tardando máis que un día poder  
 escribime eigi: Hôtel de la Paix - Quimper (Finistère)  
 Calquera cousa que queirades d'eigi decírmos e se pode  
 farei todo. Desde logo levarei sabidas moitas cousas de interese  
 para todos). En todo de menos a lectura dos teus artigos; dígoche  
 a verdade: Cando fas unha escola de todos os teus libros publicando  
 un xornal? Decídete, home, decídete. En ción repáso de que o tempo  
 vaí nos e dentro de dez anos xa comezaremos a vel-o, re-vivímos.  
 Lembrañas a todos e ti recibe un forte abraço do teu bo amigo e irmán  
 Quimper, 31 maio 1929. Castelo

**Anexo 4**


**Postal de Castelao a Vicente Risco (s/d).**

Imaxe: Cerimonia céltica de Locronan.

Texto:

Irmanciño: Acabo de saber que Lousada xa está fóra de coidado e respiro. Pasei xa perto de Carhaix; pero aínda non sei se volverei. Agora ando por terras do León. Felicítosche pol-a pensión, pois o saír sempre está ben. Cuevillas debía vir aquí. ¿Quen vai estudar bretón? Si eu estivese ben dos ollos...

Moitas apertas do teu bo amigo e irmán,  
Castelao.



## Anexo 5

## Postal de Castelao a Vicente Risco, 26 de xullo de 1929.

Imaxe: Calvaire de Lampaul.

Texto:

Irmán: Onte día de St-Iago; hoxe día de Santa Ana, patrona de Bretaña. Estou no corazón desta terra irmán: en Carhaix. Pasei o día co Bardo Taldir, que lee Nós sempre. Simpatiquísimo e cultísimo. Non podo estar á xuntanza que van ter en Huelgoat, porque aínda non saín de Finisterre e a Bretaña é un mundo. Eu sómentes podo decirche unha cousa ben meditada: non hay a qué ir a Berlín, nin París, nin Roma denantes de vir eiquí; Non-os coñecemos e somos irmáns de certo. Celtas todos. Hay que vir a Bretaña. Cada un ó seu. Nin os bretóns nos coñecen nin nós a iles. Isto é ben triste.

Apertas

Castelao.



### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BEAUVY, F. (2004): *Philéas Lebesgue et ses correspondants en France et dans le monde*. Tillé: Awen.
- CADIOU, G. (2001): *L'Hermine et la croix gammée. Le mouvement breton et la collaboration*. Paris: Éditions Mango.
- CHARTIER, E. (2010): "L'épopée de l'Interceltisme". *Ar Men* 178, 42-9.
- DENIEL, A. (1976): *Le Mouvement breton de 1919 à 1945*. Paris: Éditions Maspéro.
- DULIN-BONDUE, N. (1987): *El Granito y las luces. Relaciones entre las literaturas gallega y francesa en la época moderna*, 2 vols. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- J.A.E. (1930): *Memoria correspondiente a los cursos 1928-29 y 1929-30*. Madrid.
- FAVEREAU, F. (2003): *Anthologie de la littérature bretonne au XX siècle*, vol. 2. Morlaix: Skol Vreizh.
- FIGUEROA, A. (1996): *Lecturas alleas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- FLATRÈS, P. (1986): *La Bretagne*. Paris: PUF.
- GURRIARÁN, R. (2006): *Ciencia e Conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- HOFFET, F. (1994): *Psychanalyse de l'Alsace*. Gwebwiller: Alsatia éditions.
- LE COADIC, R. (2001): "Langue et identité". *Klask* 7, 45-50, [http://www.breizh.net/identity/galleg/langue\\_modernite.htm](http://www.breizh.net/identity/galleg/langue_modernite.htm).
- LE COADIC, R. (2008): "De la carte d'identité à l'identité à la carte". En Guerin-Pace, F., Filipova, E. (coords.): *Ces lieux qui nous habitent : Identités des territoires, territoires des identités*. Paris: Éditions de l'Aube. [http://docs.google.com/viewera=v&q=cache:TCm63xW2xwJ:hal.archivesouvertes.fr/docs/00/49/79/51/PDF/Carre\\_identite.pdf+diagonale+contestataire+bretagne](http://docs.google.com/viewera=v&q=cache:TCm63xW2xwJ:hal.archivesouvertes.fr/docs/00/49/79/51/PDF/Carre_identite.pdf+diagonale+contestataire+bretagne).

- LE GRAND-VÉLIN, A. (2009): *Louis Le Guennec. Carnets du Finistère*. Quimper: Palantines / Société des Amis de Louis Le Guennec. En colaboración con Yann Celton e Bruno Le Gall.
- LOPO, M. (2010): "L'imaginaire celtique en Galice. Littérature et identité". En Y. Bévant, G. Denis & H. Le Bihan (coords.): *Cultures, langues et imaginaires de l'Arc Atlantique*. Rennes: CRBC / Université de Rennes 2, 39-47.
- MORDREL, O. (1973): *Breiz Atao ou Histoire et actualité du nationalisme breton*. Paris: Éditions Alain Moreau.
- NICOLAS, M. (1982): *Histoire du mouvement breton*. Paris: Éditions Syros.
- NICOLAS, M. (1986): *Le Séparatisme en Bretagne*. Brasparts: Éditions Beltan.
- PORTO UCHA, A.S. (1987): "Castelao, bolseiro da "Junta para Ampliación de Estudios". *O Ensino* 18-22, 127-8.
- PORTO UCHA, A.S. (1989): "A formación do profesorado galego: a xunta para ampliación de estudos e as viaxes a Europa (1907-1936). *Adaxe* 5, 81-90.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D. (1992): *As cruces de pedra na Bretaña*. Vigo: Galaxia.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D. (2000): *Obra completa*. Vol. 6. Edición, introdución e notas de Henrique Monteagudo. Vigo: Galaxia.
- RODRÍGUEZ FER, C. (2004): *A loita continúa*. Vigo: Xerais.
- RODRÍGUEZ GÓNZALEZ, O. (2006): "Viajeros gallegos por Europa: los diarios de Castelao y Vicente Risco". *Revista de Filología Románica*. Anejo IV. Madrid: Universidad Complutense, 305-14.
- VALLE, C. (2004): "Castelao en Bretaña". *Castelao en Bretaña* —catálogo da exposición do Museo de Pontevedra do 29 de xullo ao 5 de setembro do 2004—. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 11-23.
- YOUENNOU, A. (1974-1984): *Fransez Debauvais de Breiz Atao et les siens. Mémoires du chef breton commentés par sa femme*. 6 vols. Rennes: ed. de autor.